

## LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge  
Fernández Fernández, Federico A.  
Fernández Iglesias, Manuel  
Ferreiro Vázquez, Óscar  
González Santamaría, Pedro  
González Varela, Luis  
Martínez Martín, M<sup>a</sup> José  
Pena Uris, Gloria M.  
Vázquez-Rey Farto, Ernesto  
Zas Varela, Mónica

## DESCULPA ASISTENCIA

Alonso Vega, María Flora  
Álvarez Zurbano, Jénifer  
Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 21 de setembro de dous mil dezaseis, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda nas salas de videoconferencia.

O día **21 de setembro de 2016** ás 10:30 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- Toma en consideración, se procede, da reclamación presentada por D. Angel Aday Jiménez Alemán contra a decisión da Xunta Electoral da Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo de non incluílo no censo electoral do centro.

Explica o presidente que a documentación que se anexou coa convocatoria. Dá conta do acontecido neste caso, e pasa a resumilo. Expón que D. Angel Aday Jiménez foi excluído do censo da Facultade de CC xurídicas e do Traballo por non ter a súa docencia maioritaria nese centro. Formulou unha reclamación diante da xunta electoral do centro que, en base da resposta que se lle deu na Secretaría Xeral sustentada por un informe da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, da Área de Grao, que tamén se achegou coa convocatoria, desestimou a reclamación. O interesado presentou unha nova reclamación diante da Comisión Electoral argumentando o seu dereito de pertencer ao corpo electoral da Facultade de CC XX e do Traballo.

Diante desa nova reclamación, a Secretaría Xeral revisou a documentación e os detalles do caso e comprobou que no informe no que ese apoiaba a denegación inicial había un erro. O informe fundamentábase en que o programa conxunto no que o profesor imparte docencia estaba adscrito á Facultade de CC EE, polo cal, a súa docencia maioritaria sería nese centro, pero verificouse que esa adscrición non era correcta, segundo a Memoria actualmente en vigor para o programa conxunto de estudos oficiais do grao (PCEO) do Grao en Administración de Empresas e o Grao en Dereito.

Continúa explicando o presidente que na Memoria se designa á Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais como responsable das distintas xestións administrativas relacionadas co expediente académico do estudante, así como da tramitación das bolsas. E designa a Facultade de CC Xurídicas e do Traballo como responsable das prácticas externas e dos programas de intercambio do alumnado. Non se especifica nada en relación coa adscrición do profesorado.

Vista esa situación, solicítase un novo informe á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, que vén de recibirse esta mañá. Para aclarar polo miúdo este informe, cede a palabra á secretaria da Comisión, quen comeza explicando a orixe da asignación inicial. Di que este PCEO é o único da Universidade que ten unha PDA propia, é dicir, que o alumnado están en grupos separados do alumnado das titulacións “orixe”, polo tanto, foi considerado como se fora unha titulación. E como na Memoria inicial de creación do PCEO si estaba asignado á Facultade de CC EE, seguiuase facendo así.

Destaca que no parágrafo final do informe di que dito PCEO non pode ser considerado como un título independente, senón que o profesorado imparte docencia en materias que pertencen ben ao grao de ADE

ou ben ao grao de dereito. Así, as materias deben ser aprobadas no centro onde se imparte o grao correspondente. No anexo se recolle unha relación das materias do PECEO indicando a que grao pertencen.

Prosegue a secretaria expoñendo que o informe non explicita a adscrición do profesorado, xa que non é competencia da Vicerreitoría, xa que a nivel docente o importante é a que departamento pertence. Subliña que a adscrición ao centro ten relevancia a nivel electoral, polo tanto, compete a esta Comisión Electoral resolver a reclamación e definir a adscrición.

Reitera o presidente o resumo do informe da Vicerreitoría: o feito de que os grupos estean separados, non muda a realidade de que é un programa constituído por materias procedentes de dous graos, cada un dos cales se imparte nun centro. O argumento anterior era que, como a Memoria adscribe o programa a Facultade de CCEE, os profesores son dese centro. Pero a Memoria actual non o di, polo que o que se deduce deste feito falso, non pode ser verdadeiro.

A secretaria da comisión incide na peculiaridade deste caso destacando que, como se reflicte na táboa que figura no primeiro informe da Vicerreitoría, este profesor imparte docencia en Dereito de Ourense e no PCEO. Ao considerar inicialmente que o PCEO correspondía á Económicas, este profesor non tiña docencia en CC XX. E isto, engade, ten especial relevancia porque este profesor non é membro nato da Xunta do Centro, senón que é membro electo e, ao non ter docencia nel, perdería a súa condición de membro da Xunta e o sector PDI-B perdería un representante. Subliña que, ademais, forma parte de unha das candidaturas que concorren as eleccións ao decanato da facultade. Por iso este caso, chegou ata a Comisión Electoral, pero hai outros profesores na mesma situación. E un deles, aclara, forma parte da outra candidatura. Polo tanto, a decisión que se tome nesta sesión afectará ao proceso electoral que está en marcha, pero o fará de xeito paritario.

Intervén dona Mónica Zas para indicar que hai máis membros da Facultade nesa situación, concretamente do sector de membros natos PDI-A, pero que foron vinculados á Facultade de Económicas pola mesma razón. Continúa expoñendo que, na súa opinión, está claro que tanto o profesor Aday como os outros son profesores de CCXX e do Traballo, e que a vinculación que estableceu o primeiro informe da Vicerreitoría parécelle moi aventurado. Non incide xa no de que ese sector quede sen representación, porque deriva de que non houbo outros candidatos, pero insiste en que é un tema de sentido común, xa que o control do profesorado desas materias no PCEO o fai a Facultade de CCXX.

Destaca o presidente que ese informe baseábase nunha Memoria previa, pero que na actual xa non está recollida a asignación que eles indican. Considera que o dato obxectivo do que dispoñemos é o POD do profesor, que recolle materias de Dereito no Campus de Ourense e materias de dereito no Campus de Vigo, sendo a docencia maioritaria nas materias de dereito que imparte no Campus de Vigo.

Ernesto Vázquez-Rey manifesta a súa opinión de que en base aos datos obxectivos, a asignación do profesor debería ser ao Centro no que ten a súa docencia maioritaria, e sendo as materias que imparte do grao de Dereito da Facultade de CCXX, ese debería ser a asignación.

Intervén o Sr. Federico Fernández para apoiar esa opinión, tomada en base da docencia maioritaria. E indica tamén que na reclamación presentada polo profesor Aday se fai constar que sendo membro electo da Xunta de Centro debería seguir formado parte da mesma ata as próximas eleccións. E aínda que iso non é o argumento que debemos considerar, pero solicita que se aclare.

Responde a secretaria xeral explicando que en base aos informes de Asesoría Xurídica dos que se dispón, e en resposta a casos anteriores, as normas de adscrición de profesorado serían como segue: cando se produce un cambio no POD que modifica a porcentaxe de docencia impartida nun centro con respecto á impartida noutro, os membros natos da Xunta de Centro, mudan inmediatamente de adscrición. Pero os

que son membros electos, permanece na Xunta de Centro na que foron elixidos, sempre e cando manteñan docencia nese centro, aínda que sexa minoritaria. No caso do profesor Aday Jiménez, se o PCEO se vinculara a Económicas, quedaría sen ningunha docencia en CCXX, polo que non podería manter a súa representación.

Finalizado o debate, o presidente propón que se acorde estimar o recurso do profesor Aday Jiménez. Apróbase por unanimidade.

Intervén dona Mónica Zas para solicitar que, aínda que o profesor Aday foi o único que presentou a reclamación, se revise de oficio o censo para verificar todos os profesores que poidan estar nese caso e realizar a mesma adscrición.

Apróbase por unanimidade.

O profesor Pedro González pregunta se é posible que un Axudante Doutor participe nunha candidatura ao decanato. Responde a secretaria xeral que a normativa electoral establece que o único requisito é ser profesor do centro, en termos xenéricos, e ter dedicación a tempo completo.

Explica a secretaria xeral que a comunicación de que se modifiquen os censos en función da resolución que se tomou nesta sesión, se fará chegar á secretaria ou secretario da Xunta Electoral da Facultade para que faga pública de inmediato, sen que interveña o presidente. O motivo é, explica a secretaria, que este é o actual decano en funcións e, posto que forma parte dunha candidatura, vén de comunicar que vaise abster do resto do proceso. A xunta de facultade na que se realicen as eleccións será presidida pola persoa de maior categoría e antigüidade, como indican as normas.

En relación a se o proceso será correcto, responde a secretaria que si, posto que a modificación dos censos non limitan os dereitos de ninguén, senón que amplía a posibilidade de participación. Engade que tan só son tres as persoas afectadas, o profesor Aday, o actual decano en funcións e outra persoa máis, polo que non hai problemas de comunicación, aínda que os prazos son pequenos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:00 h do día 21 de setembro de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria M<sup>a</sup> Pena Uris